



2025/SUBCC/000006

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 27.10.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS PARA FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA E A PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN OFICIAIS NO ANO 2025 (ANUAL 2025). 2025/SUBCC/000006.

I. ANTECEDENTES:

1.- A a concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, por providencia de data 25.09.2025, dispuxo o inicio do expediente para a aprobación das bases e convocatoria de subvencións para fomentar a práctica deportiva e a participación en competicións oficiais no ano 2025 (anual 2025).

2.- Constan no expediente informe técnico xurídico acompañado de proposta de bases reguladoras da convocatoria e memoria económica do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira emitidos pola dirección do servizo de deportes.

3.- A Intervención Xeral, con data 20.10.2025, emitiu informe de fiscalización previa limitada de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

4.- Con data 22.10.25 emite informe a dirección do servizo de deportes sobre a observación co carácter de incumprimento esencial que figura no informe da intervención xeral municipal de data 20.10.25, de xeito que se corrixe o segundo parágrafo do apartado 6 da base 18 do proxecto de bases da convocatoria de data 25.09.2025 (CSV: HWFCCJCESDZZ2QP6), conforme ao sinalado pola intervención xeral no informe de fiscalización previa limitada .

5.- Incorpóranse ao expediente as bases da convocatoria modificadas (CSV 92ROXOSNHTETJ7AJ) incluíndo a corrección sinalada no informe da intervención xeral, remitindo o expediente a intervención xeral para novo informe.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- A Constitución Española dispón no artigo 43 que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio.

2.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local que establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de ocupación do tempo libre. Pola súa banda o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, exercendo en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado y da Comunidade Autónoma en materia de actividades e instalacións deportivas, ocupación do tempo libre e execución de programas destinados á xuventude.





3.- O artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar, ou fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial.

4.- A Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte, no seu artigo 2º declara a práctica de deporte como unha actividade esencial e un dereito de todos os cidadáns, polo que precisa dunha especial atención e protección polos poderes públicos.

5.- O artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (en adiante OXS), son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

6. A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número 2023/DEP/00001 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2025 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 21/08/2025), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

7. As bases da convocatoria para o outorgamento das subvencións recollen o contido mínimo esixido no artigo 17.3 da LXS e no artigo 9 da OXS do Concello, regulando o procedemento para a concesión de axudas recollido nos artigos 12 e seguintes da Ordenanza municipal de aplicación.

Asemade, as bases regulan o réxime de xustificación das subvencións propostas, consonte o procedemento previsto no artigo 72 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 debendo acreditar os beneficiarios das axudas que non teñen débedas tributarias coa facenda estatal, autonómica nin local nin coa seguridade social.

8. Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento nas subvencións en concorrència competitiva correspóndelle á Xunta de Goberno Local, ao superar a contía da convocatoria o importe de 12.020,24 €.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos e logo de incorporar ao procedemento os oportunos informes da Oficina de Xestión Presupuestaria e Contabilidade e da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria pública para fomentar a práctica deportiva e a participación en competicións oficiais no ano 2025 (anual 2025).

O importe das subvencións concedidas poderá chegar ata o 50% do custo real da actividade.

Segundo.- Autorizar e aprobar o gasto polo importe de 330.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se sinala polo Órgano de xestión orzamentaria e contabilidade.

Terceiro.- Aprobar as bases da convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para fomentar a práctica deportiva e a participación en competicións oficiais no ano 2025 (anual 2025) segundo o documento con CSV: 92ROXOSNHTETJ7AJ que consta no expediente.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

